

PROGRAMA AMBIENTAL “VIVE O RURAL” 2026**1. Que é?**

É unha convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á organización de visitas de educación ambiental ás granxas escola da provincia de Pontevedra nas que pasar un día realizando distintas actividades de toma de contacto cos animais, labores da horta, obradoiros educativos, xogos ou calquera outra actividade de natureza análoga.

2. Entidades destinatarias

a) Os centros públicos de educación infantil, primaria e educación secundaria (ESO) que teñan a súa sede nalgún concello da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

b) As anpas dos centros educativos antes indicados.

3. Granxas escola da provincia

Granxa escola		Contacto	Localización
Serantellos		639 030 802	Cambados
Fervenzaventura		695 069 933	Silleda
Kiriko		986 768 600	Fornelos de Montes
Corazón de Carballo		986 623 398	Tomiño
Río Mouro		630 524 081	Poio

4. Orzamento

A contía máxima destinada a esta convocatoria é de oitenta mil euros (80.000,00 €).

O importe máximo subvencionado por entidade beneficiaria será de mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €), o que supón unha subvención máxima de 25 euros por alumna ou alumno e ata un máximo de 50 alumnas e alumnos por centro educativo, agás nos centros que cumpran os seguintes requisitos, nos que o importe máximo que se subvencionará será de corenta euros (40 €):

Ter menos de 50 alumnas e alumnos matriculados no global do centro.

- Máximo de 30 alumnas e alumnos participantes na actividade.

5. Gastos subvencionables

- a) O custo da entrada ás granxas escola para o desenvolvemento dunha saída ambiental dun día.
- b) Os gastos de desprazamento en transporte colectivo entre o centro e a granxa escola.

6. Solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o 1 de decembro de 2025 e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/152378864>

Na solicitude deberán cubrirese, entre outros datos:

- A granxa escola solicitada.
- O mes previsto para a visita.
- O número de alumnado, cun máximo de 50 ou 30 nos centros que teñan menos de 50 escolares matriculados.
- O curso escolar do alumnado participante.
- Unha breve descrición da actividade que se desenvolverá na granxa.
- O orzamento da actividade, no que se indicará: o número de alumnas e alumnos, os prezos unitarios por persoa e os prezos totais. O orzamento estará integrado polas seguintes liñas:
 - Entradas á granxa escola.
 - Desprazamento en transporte colectivo.
- A subvención solicitada, tendo en conta que o importe non pode:
 - Ser superior a 1.250,00 € ou 1.200,00 € nos centros de menos de 50 escolares.
 - Superar o importe do orzamento.
 - Ser superior ao número de alumnas e alumnos participantes multiplicado por 25,00 € ou por 40,00 € segundo o caso.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da representación da persoa que actúe en representación da anpa ou do centro escolar, só no caso de que non se empregue un certificado cualificado de representante.
- b) Certificación expedida pola secretaría da anpa ou centro na que se faga constar o acordo de solicitar a participación no programa e a composición da xunta directiva.

c) Documento que acredite a inscrición da anpa no Rexistro de Asociacións como tal, no seu caso.

7. Procedemento de concesión

Por concorrência non competitiva, ata esgotarse o crédito dispoñible.

As solicitudes resolveranse por orde de entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra, de acordo coas seguintes regras:

- Naqueles supostos nos que se lles requira ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, entenderase por rexistro de entrada a data na que o dito requirimento estea correctamente atendido.
- Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa cantidade solicitada, o crédito esgotarase nela coa cantidade de axuda que resulte, sempre que o centro educativo o acepte de xeito expreso, logo da súa comunicación polo Servizo de Xuventude e Reto demográfico.

O acordo de concesión notificaráselle por medios electrónicos a cada entidade solicitante, sen prexuízo da publicación da relación de entidades beneficiarias e excluídas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), na Sede electrónica e na páxina web da Deputación.

8. Obrigas das entidades destinatarias

- Realizar a actividade e programar a visita coa granxa escola. A saída deberá realizarse no ano 2026, entre os meses de xaneiro a maio ou entre setembro e decembro.
- Comunicarlle, cunha antelación mínima de sete (7) días, os datos da visita ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico a través do correo electrónico xuventudereto@depo.es.
- Utilizar en todo o material de difusión que se realice a imaxe corporativa da Deputación.
- Colocar nos medios de transporte colectivos que no seu caso se utilicen carteis identificadores do programa, en tamaño A3, na parte dianteira e traseira, elaborados seguindo as directrices do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.
- Dispoñer o persoal necesario para acompañar o alumnado no desenvolvemento das actividades.
- Aboarlle á granxa escola e á empresa de transporte o importe da actividade ou servizo contratado.

9. Pagamento da axuda

O pagamento da subvención realizarase logo da xustificación da execución completa do gasto pola presentación da documentación establecida na base décimo terceira da convocatoria.

10. Xustificación da execución

A documentación xustificativa deberá presentarse por medios electrónicos e comprenderá os seguintes documentos:

- a) Conta xustificativa dos gastos e ingresos.
- b) Copia das facturas, xunto cos documentos de xustificación do pago.
- c) Memoria de actuación.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 31 de xaneiro de 2027.

11. Contacto

As dúbidas resolveranse a través do correo electrónico xuventudereto@depo.es ou por teléfono (986 80 41 00).